

**Orde do día** dos asuntos que se van tratar na sesión ordinaria da Xunta de Goberno que terá lugar o venres, 5 de setembro de 2014, ás DOCE HORAS.

## **ASUNTOS**

### **Actas**

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 16/14, do 14 de agosto.

### **Asesoría Xurídica**

2.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia, do 22.07.2014, pola que se dispón a comparecencia desta Deputación provincial no PA 166/2014, interposto por don Ramón Trigo Quiroga, sobre inactividade da administración.

3.-Toma de coñecemento da sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo número un dos da Coruña, do 16.04.2014, recaída no recurso nº PO 203/2012, interposto por Obras y Contratas AEDES, SL, sobre a liquidación resultante da resolución do contrato "Centro Etnográfico de Curtis" e auto do 16.07.2014, aclaratorio da devandita sentenza.

4.-Toma de coñecemento da sentenza da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, do 12.06.2014, recaída no recurso de apelación nº 4563/2013, interposto polo Banco Popular Español, SA, contra a sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo número tres dos da Coruña, recaída no PO 12/2013, sobre reclamación de cantidade.

5.-Toma de coñecemento da sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo número dous dos da Coruña, do 10.07.2014, recaída no PA 80/2014, interposto por don Antonio Álvarez Feal, sobre sanción de tráfico.

6.-Toma de coñecemento da sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo número catro dos da Coruña, do 23.07.2014, recaída no PA 120/2014, interposto por don Ángel Gabriel Romero Rodríguez, sobre responsabilidade patrimonial.

7.-Toma de coñecemento da sentenza da Audiencia Provincial da Coruña, do 16.06.2014, recaída no recurso de apelación nº 172/2014, interposto contra a sentenza do Xulgado do Mercantil número dous dos da Coruña, do 07.02.2014, sobre recoñecemento de crédito concursal do Concello de Arteixo, por débedas de dereito público e tributarias.

### **Asistencia Técnica Urbanística**

8.-Informe sobre o "Plan de conservación da zona húmida protexida da lagoa e areal de Valdoviño.

9.-Informe sobre aliñación da EP-4802 e EP-4803 no Plan xeral de Miño

10.-Informe sobre o plan especial de ordenación do núcleo rural das Galiñeiras-O Vilar en Boimorto.

ROGOS E PREGUNTAS